



PROMOCIÓN CULTURALS GALEGAS S.A. Presidente e Conselleiro Delegado: Afonso Eiré López. **Director:** Manuel Veiga Taboada
Redacción: Príncipe 22 baixo - 36202 Vigo. Teléfono 986 222 405. Fax 986 223 101. info@anosaterra.com diariodixital@anosaterra.com
Administración, subscricións, publicidade e Editorial: Príncipe 22, baixo, 36202 VIGO. Teléfono 986 433 830

Diario dixital: www.anosaterra.com



Xan Carballa

O mar do Caribe xa non é azul. A *British Petroleum* encargouse de especular coa seguridade, non comprobou as válvulas e agora a enxurrada de petróleo sae das profundidades e non hai ma-

BPE PRESTIGE

neira de parala. Había anos que se advertiu que tirar ouro negro das grandes simas era perigoso en caso de accidente. Ninguén fixo caso.

Aquí sabemos algo diso de tirar para adiante cando hai un accidente como o *Prestige*. A primeira reacción “mandade o barco ao quinto pino”. Despois falouse de “fiños, como plastilina, en estiramento vertical” (Raxoi *dixit*) e antes pensouse

que afundido mar adentro o chapapote solidificaríase e *tutti contenti*. Os paralelismos seguen: ao máximo executivo da BP píllano de regata co fillo, aquí o presidente da Xunta e o medalla de ouro Cascos marchaban de safari ou a esquiar.●

1.412

anosaterra

Artista e membro do colectivo *Escoitar*, vén de presentar no festival Sónar da Coruña un sonoscopio, aparello que conxuga a visión a distancia dos lugares, coa apreciación das paisaxes sonoras. Chámase Horacio González Diéguez e nesta entrevista explica como funciona.

Horacio González Diéguez, artista ‘Do sonoscopio Galileo diría: e non obstante, escóitase’

H. Vixande

Sonoscopio, iso soa a médicos! Quede con isto, como telescopio pero sonoscopio. É un aparello como eses miradoiros de moedas que hai na rúa mais cunha entrada de cascros para que, ao igual que podes gozar das vistas da cidade, tamén escoites o seu son.

Servirá para espíar a xente!

Non é un aparello de película de espías! O que facemos son mesturas de gravacións de paisaxes sonoras dos lugares con identidade sonora da cidade. Ao igual que hai sitios cunha arquitectura especial, tamén hai outros cun son especial. Na Coruña collemos o corazón do Domus, o estadio, as peixeras...

Ou sexa, só funciona con son gravado previamente.

Exacto. Neste caso son 30 gravacións da Coruña que se reproducen de forma simultánea pero que o aparello mostra a distintos volumes segundo enfocamos unha zona e nos achegamos co *zoom*. Se vemos en conxunto, escoitamos o son do tráfico, se nos achegamos a algo, ouvimos sons de fondo. **De modo que serve para calquera lugar.**

O prototipo pódese montar en calquera cidade. A nosa intención é movelo por aí; estamos desexando que estea instalado nalgún sitio e que se poida usar con normalidade.

Xa está no mercado?



PACO VILABARROS

É un prototipo, acabamos de facelo. Dalgunha forma, podemos dicir que vimos de presentalo mundialmente. Vén dunha idea do outono pasado e cando nos contactaron os do festival Sónar vimos a posibilidade de instalalo na Coruña.

Presentalo no Sónar, un festival musical. Un pouco raro, non?

Para nós, todo o contrario. Cando falamos con eles, propuxemos un xoguete musical interactivo, que por certo gustou moito. Mais que non representaba o noso traballo colectivo do grupo *Escoitar*, que leva cinco anos recollendo as paisaxes sonoras de Galiza nunha iniciativa

a medio camiño entre a arte, a antropoloxía e a musicoloxía. O sonoscopio facía referencia a ese traballo. É unha reivindicación do sonoro fronte ao visual.

Somos unha sociedade moi ruidosa, mais non identificamos os sons das nosas rúas.

Somos ruidosos porque non escoitamos, esquecemos o que ouvimos. O problema do ouvido fronte á vista é que nos ollos temos pálpebras pero nos ouvidos non, de forma que tendemos a ignorar o son. Nós reivindicamos a escoita.

E vostede que é, un artista ou un inventor?

Un pouco de todo. Formeime

como artista pero sempre me gustou artellar cousas. En *Escoitar* sempre estivemos un pouco faltos de enxeñeiros e informáticos e aprendemos a desenvolver nós os proxectos. Este invento, que é a transformación dun aparello como o telescopio, tecnicamente non era tan complexo pero resultaba un reto construír un instrumento para a orella.

Se Galileo levantase a cabeza non sei que diría.

Supoño que o empregaría. Eu, que veño do visual, cando comecei a traballar con *Escoitar* descubrín o son. Galileo diría: e non obstante, escóitase.●

O CADILLAC E O BURRO

Federico Cocho

Supoño que algún día terei a satisfacción de fundar a Liga Mundial Anti Xeneralizacións (*Limaxen*), ese virus parasitado no máis fondo do noso maxín e transmutado agora a través dos medios de comunicación e do dircurso das elites políticas e sociais. Adoita se nos presentar en forma de tópicos, etiquetas, estigmas e outras superficiais clasificacións propias de entomólogos afeccionados á socioloxía de peto. O espírito globalizador vén acentuando esta nociva propensión universal a adxudicarlle ao conxunto propiedades que, en todo caso, pertencen só a unha parte dese todo.

Non estou pensando en nada concreto. Seguro que axiña se lle veñen á cabeza do lector percepcións inxustas froito da cegueira, da preguiza mental, da incapacidade para matizar ou –o caso peor– da mala fe. Un clásico na materia é a adxudicación de prexuízos aos pobos que, se non tiveron moito fundamento nunca, menos teñen agora, tempo de sociedades abertas e complexas. Sabemos moito sobre isto os galegos e aínda colean por aí os estigmas doutroa.

A Saramago, sempre disposto para o desacougo, preguntáronlle como eran os portugueses. Eis a súa resposta, “en feminino”: “A portuguesa que ten un cadillac non ten nada que ver coa portuguesa que ten un burro”. Podémonolo aplicar aquí. Os intereses, como os sentimentos, non son unívocos. Cómpre fortalecer os espazos comúns para non perder a idea de país. Con cadillac ou con burro?●

deRelatía

Edicións A NOSA TERRA

Xavier López Rodríguez

Hai que ir morrendo

Xavier López Rodríguez

[Unha narración que xoga cun instante que vai chegar]

Aglobalizaciónacentúa

“...a nociva propensión á xeneralización”

